

Actividades de Corentena

“O Entroido”



CONTIDO

1. Conto.....	2
2. Vocabulario.....	3
3. Puzzle	4
4. Filloas	5
5. Máscaras	6

1. CONTO

Lemos aos nenos un conto sobre o entroido, que podemos atopar no seguinte enlace:



<https://www.youtube.com/watch?v=RNNMwPaEQd8>

Despois facemos un pequeno xogo de memoria preguntando o que trouxo cada personaxe á festa.

Rematamos á actividade invitando aos nenos/as a contarnos eles mesmos o conto e pedíndolles que debuxen a personaxe que máis lle gustou.

2. VOCABULARIO

Xogamos a "¿Que precisamos para disfrazarnos de...? buscando coa axuda da ordenador imaxes de diferentes disfraces.



Exemplo:

Adulto - ¿Que precisamos para disfrazarnos de **vaqueiros**?


Neno/a - Un sombreiro, pistola, corda...

Con esta actividade, fomentamos a atención e adquisición de vocabulario.

Para complementar, podemos escribir todos os nomes dos disfraces nunha lista con letras maiúsculas e pedirles que o repasen primeiro con lapis e despois con rotulador.

3. PUZZLE

Imprimimos a imaxe para que os nenos/as a decoren como queiran. Despois, a recortamos e facemos un puzzle para que o recompoñan.



4. FILLOAS

Aprendemos a facer filloas, o prato típico do entroido na nosa comunidade autónoma en familia.



<https://www.youtube.com/watch?v=ob55BWY000I>

Despois, deixamos que os nenos/as completen a receita con debuxos:

FILLOAS
Ingredientes:
Receita:

5. MÁSCARAS

Reciclamos pratos de cartón e os decoramos para facer una máscara ao noso gusto. Podemos empregar todo tipo de materiais (pinturas, cartolinas, purpurina...) e inspirarnos no que queiramos (animais, tradicións da nosa contorna...).

